

GRIAL 242 (A.M.X.2024) UNHA GALECIA MAGNA?



VARIOS

SINOPSIS

Ramón Villares:

Na súa intervención no acto de investidura como doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela (marzo de 2023), o filólogo portugués Ivo Castro evocou a figura dun dos seus mestres universitarios, Joseph Piel, profesor a quen, malia ser “tedesco” de nación, considerou “que é moito más galego e portugués que alemán”. O motivo de traer a conto o nome de Piel é porque acuñou un concepto que, coma se dun “Schengen lingüístico” se tratase, definía plenamente a vella realidade galega e portuguesa, por riba de fronteiras políticas. En palabras do propio Piel, este é un concepto “xeográfico-lingüístico”, que corresponde á área de individualidade lexical e fonética do Noroeste ibérico”, que denomina Galecia Magna ou Maior, que sería o lugar ou núcleo orixinario histórico do galego-portugués. Con independencia do seu significado filolóxico, tomo aquí este concepto como unha axeitada metáfora para reflexionar sobre semellanzas e identidades dunha extensa rexión que abarcaría a actual Galicia e a Região Norte de Portugal, en cuxa definición se mesturan criterios lingüísticos con criterios históricos e xeográficos, alén de diversas formas institucionais.



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	GRIAL
Colección	GRIAL
EAN	9789200189173
Estado	Dispoñible
Encuadernación	Tapa blanda
Páginas	152
Tamaño	270x185x0 mm.
Peso	1
Precio (Imp. inc.)	13,50€
Fecha de lanzamiento	11/07/2024

Alén de considerar estas razóns histórico-culturais, sería pertinente preguntarnos polas propostas políticas que, en tempos máis recentes, tentaron achegar estas rexións atlánticas, transformando a proximidade cultural e lingüística nunha solución política de novo cuño, que tería como principal expresión a superación das vellas —e nunca logradas— propostas de “reintegracionismo” de parte galega e de “irredentismo” de parte portuguesa. A alternativa aberta polos réximes democráticos e pola integración convxunta dos estados ibéricos nas Comunidades europeas permitiu apostar de forma decidida pola solución da cooperación transfronteiriza. O resultado foi a creación dunha Eurorrexión, amparada polas políticas de desenvolvemento rexional e de cohesión territorial da Unión europea, que, desde finais d...

Títulos relacionados



GRIAL 238
(A.M.X.2023) 1963.
O ANO DO
PRODIXIO
VARIOS



GRIAL 245
(X.F.M.2025)
CULTURA, ARTES
E IDENTIDADES. I
FORO GRIAL
VARIOS



GRIAL 9 (X.A.S,
1965)
VARIOS



GRIAL 11 (X,F,M,
1966)
VARIOS